



APROBACIÓN DA CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN EN ESPECIE CON CARÁCTER EXCEPCIONAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL ORFEÓN DO CARBALLIÑO

Don Diego Fernández Nogueira, en calidade de concelleiro de cultura, en virtude do Decreto 11 de xullo de 2019 polo que se delegan as competencias de cultura, e en relación co disposto na Base 31ª e 32ª de execución do vixente orzamento de gastos deste concello,

Visto o expediente 4051/2019 correspondente á Proposta de gasto da manutención e aloxamento dunha agrupación participante no Festival de Habaneras 2019, organizado pola Asociación cultural Orfeón do Carballiño (Fra. nº H-0719 de Iglesias & Ramos HR S.C con CIF J32499113, por importe de 1.134,00 €), e constando dos seguintes documentos:

1. Orzamento do gasto.
2. Proposta de gasto do Concelleiro de Cultura.
3. Informe de modificación de RC.
4. Previsión da existencia de crédito orzamentario para a actividade.
5. Informe do Concelleiro de cultura que xustifica a necesidade de realizar o gasto.

Tendo en conta que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo o disposto na Ordenanza en vigor reguladora de subvencións do Concello do Carballiño, non tendo previsto en breve convocatoria de Xunta de goberno Local, e derivada da urxencia na aprobación de gasto para poder finalizar co expediente dentro do exercicio en curso, e segundo o disposto no artigo 10º sobre advocación de competencias, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público,

RESOLVO:

1. Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este asunto puntual.
2. Aprobar a subvención en especie, segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e con carácter excepcional á Asociación Cultural ORFEÓN DO CARBALLIÑO para a sufragar os gastos de manutención e aloxamento dunha agrupación participante no Festival de Habaneras 2019 segundo o seguinte detalle:

| Entidade beneficiaria | CIF | Importe |
|----------------------------------|-----------|------------|
| Asoc. Cult. ORFEÓN DO CARBALLIÑO | G32166910 | 1.134,00 € |

3. Ordenar á Intervención a súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria correspondente e a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Decreta, manda e asina o alcalde, e a secretaria dá fe pública.
Documento asinado dixitalmente.

